

A Alcaldía-Presidencia queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación desta Ordenanza

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS.**

#### *ARTIGO 1 - FUNDAMENTO E NATUREZA.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), este Concello establece a modificación da “Taxa por licencias urbanísticas”, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, onde as citadas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

#### *ARTIGO 2 – FEITO IMPOÑIBLE.*

1. – Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 178 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, Texto Refundido aprobado por Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, e que se realicen no termo Municipal, axústanse as normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada Lei do Solo e na normativa municipal, e que son en concreto: demolicións de construcións, movementos de terras, tala de árbores, parcelacións e segregacións, obras de construción, rehabilitación, ampliación, modificación ou reforma de edificios, vivendas e instalacións cualificadas de obra maior ou menor.

#### *ARTIGO 3 – SUXEITO PASIVO.*

1. – Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuidores, ou no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións, ou execútense as obras.

2. – En calquera caso, terán a condición de substitutos do contribuínte, os construtores e contratistas das obras, por imperativo expreso do artigo 23.2 b) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), que virán obrigados ao pagamento da Taxa e con eles entenderanse as actuacións municipais relativas á xestión e cobro do tributo.

#### *ARTIGO 4 – RESPONSABLES.*

1. – Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. – Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### *ARTIGO 5 – BASE IMPOÑIBLE.*

Constitúe a base imponible da Taxa, a superficie total construída, ampliada, rehabilitada, acondicionada ou reformada, no caso de obras maiores consistentes en obra nova de construción, ampliación, rehabilitación, acondicionamento ou reforma de edificacións unifamiliares, plurifamiliares, naves, instalacións industriais e comerciais, etc., así como no caso das licencias de primeira ocupación de edificacións (unifamiliares, plurifamiliares, naves e instalacións comerciais e industriais).

#### *ARTIGO 6 – COTA TRIBUTARIA.*

1. – De conformidade coas limitacións sinaladas polo artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), establécense as tarifas da taxa seguintes:

- a) Demolición de construcións e movementos de terras: 71,29 €
- b) Por licenzas municipais de segregación e parcelación:
  - \* En solo urbano ou urbanizable: 106,20 €
  - \* En solo rústico: 56,20€Non estarán suxeitas as segregacións ou parcelacións que teñan por obxecto única e exclusivamente a de terreos obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta.
- c) Cimbra de árbores: 68,63 €
- d) 1.—Obras menores non necesitadas de proxecto técnico e que en ningún caso teñan un orzamento de execución material superior a 18.030,36 €: .....20,50€  
2.—Obras menores cun orzamento superior a 18.030,36 €..... 29,80 €
- e) Obras de construción, rehabilitación, ampliación, modificación ou reforma de edificios e instalacións que estean cualificadas de obras maiores, en función base liquidable ICIO ... 0.20%, mínimo 71,00 €
- f) Para os supostos non contemplados, a taxa mínima a cobrar será de 55,00 €.

Unha vez iniciada a tramitación da solicitude non haberá dereito á devolución da cota liquidada, baixo ningún suposto, incluído a desestimación por parte do solicitante.

#### *ARTIGO 7—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.*

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da Taxa.

#### *ARTIGO 8—DEVENGO.*

1.—Devengarase a Taxa e nace a obrigaición de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2.—Cando as obras se iniciaran ou executaran sen obter a oportuna licenza, a Taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión e ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización desas obras ou a súa demolición se non foran autorizables.

3.—A obrigaición de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada, ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante, unha vez concedida a licenza.

4.—No suposto de arquivo da solicitude tramitado ao amparo do artigo 6, parágrafo 3 da Ordenanza reguladora do procedemento para solicitar licenzas de edificación e uso do solo, o solicitante terá dereito á devolución dun 80% do importe das taxas previamente ingresadas.

#### *ARTIGO 9—DECLARACIÓN.*

1.—As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obra, presentarán previamente no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, coa especificación detallada da natureza da obra e lugar de emprazamento, na que se conste o importe estimado da obra, medicións e o destino do edificio.

2.—Cando se trate de licenza para aqueles actos nos que non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito polo técnico competente, á solicitude acompañarase un Orzamento das obras a realizar, así como unha descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto, cos datos que permitan comprobar o custo daquelas.

3.—Si despois de formulada a solicitude de licenza, modifícase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento da Administración Municipal, acompañando o orzamento ou o reformado, e, no seu caso planos e memorias da modificación ou ampliación.

*ARTIGO 10—AUTOLIQUIDACIÓN E INGRESO.*

O petionario acompañará á solicitude de licenza xustificante de ter ingresado o importe resultante nas Oficinas do Concello, tendo a liquidación tributaria así practicada, o carácter de provisional e estando suxeita a posterior comprobación administrativa.

Unha vez rematadas as obras, a Administración Municipal poderá comprobar o custo real e efectivo das mesmas, e á vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación que proceda, con dedución do importe ingresado por liquidación de carácter provisional ou se procederá á devolución dos importes indebidamente ingresados.

Todas as liquidacións que se practiquen serán notificadas ao suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais, utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

*ARTIGO 11—INFRACCIÓN E SANCIÓN.*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza modifica a aprobada polo Pleno de data 22 de setembro de 2011, e entrará en vigor a partir da publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e en todo caso a partires do 1 de xaneiro de 2012.

A Alcaldía-Presidencia queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación desta Ordenanza

**MODIFICACION DO APARTADO DE TARIFAS DA ORDENANZA REGULADORA  
DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

Engádesse ás vixentes tarifas a relación que segue:

**T A R I F A .***A) Documentos relativos aos Servizos de Urbanismo.*

- 1.—Por cada expediente de declaración de ruína de edificios: 90,50 €.
- 2.—Por expedición de cédulas urbanísticas, informes urbanísticos, e certificados relativos a planeamento urbanístico: 90,50 €.
- 3.—Por contestación a consultas urbanísticas 70,50 euros
- 4.—Por estudio e informes sobre modificacións de actividades suxeitas a licenza de actividade 70,50 euros.

*B) Procedementos de contratación e concesións demaniais:*

- 1.—En cada proposición para tomar parte en poxas, concursos ou procedementos negociados:
    - Ata 6.010,12 €, tipo base de licitación: 9,70 €
    - De 6.010,13 € a 60.101,21 €: 40,50 €.
    - De 60.101,22 € en adiante: 87,04 €
  2. Pola formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 7,72 €.
- Bastanteo de poderes e lexitimación de personalidade (cada un): 28,45 €